

**Acordo para un goberno de coalición entre o PSdG e o
Bloque Nacionalista Galego no Concello do Porriño**

Mandato 2019-2023

Outubro 2019

O presente acordo entre o PSdG- PSOE e o BNG para a formación do goberno, en minoría, baséase sobre os acordo de investidura asinado entre as dúas formacións políticas o 15 de xuño de 2019 que recolle os seguintes principios e acordos:

- 1. Un goberno en coalición baseado nun acordo programático e de estrutura de goberno entre as dúas forzas políticas (BNG-PSOE) co obxectivo de impulsar políticas transformadoras da realidade actual do concello do Porriño. Encamiñadas a mellorar a eficiencia na prestación de servizos e a optimización de recursos públicos.**
- 2. Compromiso de boas prácticas no exercicio da función pública e potenciar a transparencia dos distintos departamentos do Concello do Porriño.**
- 3. Compromiso de aplicar políticas que poñan en valor o noso sentimento como galegas e galegos, aplicando en tódolos ámbitos de actuación do goberno municipal políticas encamiñadas ao uso do idioma galego. Ben sexa entre os distintos departamentos de xestión pública do Concello, entre o concello do Porriño e as distintas institucións dentro da comunidade autónoma de Galiza, así como bandos, edictos ou comunicados emitidos por calquera departamento municipal. Creando, para avanzar na normalización social da lingua Galega, o Departamento Municipal de Normalización Lingüística.**
- 4. Fomentar a participación cidadá, desenvolvendo instrumentos reguladores que teñan como finalidade mellorar a relación cidadanía-administración. Creando o regulamento de participación cidadá e, como desenvolvemento deste, a creación de distintos consellos sectoriais, Consello da cultura, Consello do deporte, Consello da muller...**
- 5. Compromiso de impulsar políticas activas desde o Concello do Porriño que confronten co patriarcado e defendan os dereitos das mulleres. Ter presente unha perspectiva de xénero no tratamento dos espazos públicos, da seguridade e da mobilidade. Elaborar un plan integral contra a violencia machista co obxectivo de promover a concienciación e a prevención da violencia de xénero. Construír un concello en igualdade.**
- 6. Compromiso real na defensa dos servizos públicos para garantir a súa universalidade. Apostar pola xestión directa de forma progresiva dos servizos públicos, que na actualidade están xestionados de forma externalizada. Impulsando a creación da empresa pública municipal de servizos do concello do Porriño.**

Na presente proposta de acordo é preciso tamén que abordemos que competencias propias da alcaldía poden ser delegadas na XGL e no Pleno. Neste sentido o BNG e o PSdG acordan que a Alcaldía delegue as seguintes competencias:

Na Xunta de Goberno local:

- As competencias de outorgamento de licencias de obra maior e menor
- Aprobación da oferta de emprego público
- Delegación de licencias de actividades inocuas
- A aprobación de instrumentos de desenvolvemento urbanístico
- As contratacións e concesións de toda clase – obras e servizos cando superen o 2% dos recursos ordinarios do Concello
- A aprobación de proxectos de obras e servizos

No Pleno:

- A venda, permuta, arrendamento ou cesión do patrimonio municipal do solo
- A adquisición de bens mobles ou inmobles cando superen o 2% dos recursos ordinarios do Concello do Porriño

O BNG e o PSdG acordan impulsar dentro dos primeiros cen días do goberno de coalición:

- Constitución dun grupo de traballo (comisión) co obxectivo de coordinar as accións relativas descontaminación de solos afectados por residuos de lindano.
- Aprobación do regulamento orgánico das sesións plenarias.
- Aprobación do regulamento de participación cidadá.
- Aprobación do Consello da Cultura.
- Impulsar dende o goberno accións en defensa da sanidade pública demandando a ampliación do centro de saúde e mais dotacións materiais e de persoal.
- Programación de reunións previas a aprobación inicial do PXOM.
- Subvencións ás traídas de augas.
- Impulsar a creación da escola municipal de teatro.
- Elaboración da proposta de orzamentos para o exercicio 2020.

DISTRIBUCIÓN DE ÁREAS DE GOBERNO:

A estrutura do goberno do Concello do Porriño para o mandato 2019-2023 estará formada pola alcaldía-presidencia e cinco dedicacións exclusivas. O PSdG asumirá a alcaldía-presidencia e tres dedicacións exclusivas e o BNG asumirá dúas dedicacións exclusivas.

ALCALDÍA

- O PSdG asume a alcaldía-presidencia do Concello do Porriño en función do Pleno de investidura celebrado o 15 de xuño de 2019.
- Asumirá todas as atribucións contempladas no artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local.
- Delegará nos concelleiros/as tanto do BNG como do PSdG que conformen o goberno de coalición as competencias delegables que se recollen no presente acordo.
- Velará polo cumprimento do presente acordo de goberno de coalición e cumprirá con cada unha das súas obrigacións para permitir que o municipio que representa conte con todas as garantías para ofrecer unha mellor calidade de vida ás veciñas e veciños que representa.

O goberno contará con dúas tenencias de alcaldía. A primeira tenencia de alcaldía recaerá no BNG e a segunda no PSdG.

Ás áreas de xestión delegadas pola alcaldía no réxime de dedicación exclusiva terán a seguinte distribución:

Competencias delegadas pola alcaldía nas concellarías que asumirá o PSdG:

PERSOAL

- Exercerá a xefatura de todo o persoal do Concello.
- Proporá á Alcaldesa sancionar todo acto de desobediencia á súa autoridade ou á dos seus compañeiros e compañeiras.

ECONOMÍA E FACENDA

- Coordinación e control da área económica, redactando e elaborando o orzamento municipal, así como as operacións de tesourería, modificacións de créditos e supervisión do servizo de intervención.
- Sancionará e controlará a aplicacións das ordenanzas fiscais.
- Controlará a execución dos orzamentos coa finalidade de cumprir cos obxectivos recollidos na Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

VIAS E OBRAS

- Xestión sobre as obras de reparación, melloras e mantemento do viario municipal.
- Coordinación das obras de reparación, melloras e mantemento así como acometidas de abastecemento e saneamento e outros servizos municipais.

CONTRATACIÓN

- Supervisión e tramitación dos proxectos de obras, servizos e subministros do servizo de contratación.

PROXECTOS EUROPEOS

- Xestión e captación de fondos europeos para financiar e redactar proxectos para todas concellarías que poidan recibir fondos da Unión Europea.

EDUCACIÓN

- Exercer a dirección e supervisión da todas as accións formativas e campañas dirixidas e relacionadas co alumnado dos centros educativos do termo municipal. Actuará como enlace entre a comunidade educativa e o Concello; así mesmo atenderá as súas peticións diferenciando se son competencias da Xunta de Galiza ou do Concello.
- Será a representación do Concello nos consellos escolares, dando conta na XGL dos acordos alcanzados.

SEGURIDADE, POLICÍA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL E VOLUNTARIADO

- Exercer a coordinación da agrupación de voluntarios de protección civil do Porriño e a policía local.
- Exercer a responsabilidade sobre a seguridade cidadá.

PARQUES E XARDÍNS

- Xestión sobre os xardíns do concello para que estean en óptimas condicións, dirección das campañas de desbroce no verán e podas no inverno.
- Xestionar o cumprimento das normas sobre limpeza de fincas privadas e públicas cara a prevención de incendios.

LIXO, LIMPEZA VIARIA

- Controlar e coordinar as tarefas ligadas a esta concellaría, supervisando e dirixindo os servizos que prestan as empresas adjudicatarias. Planificará o traballo ordenado e como se distribúen as equipas de traballo ao longo do territorio municipal.
- Coordinar e controlar o servizo de recollida de residuos urbanos.
- Coordinar e controlar o servizo de limpeza viaria.

CEMITERIOS

- Xestionará o cemiterio municipal velando pola correcta prestación do servizo da concesionaria do mesmo.
- Actualizar o censo de panteóns ou nichos municipais e traballar na ampliación do cemiterio municipal.

TRÁFICO

- En coordinación coa Concellaría de seguridade e de mobilidade xestionará a sinalización vertical e horizontal na procura dunha maior mobilidade tanto das persoas como de vehículos.

COMERCIO, MERCADO E INDUSTRIA

- Xestionar en contacto con todos os axentes que operan no mercado, para sumar sinerxías a prol dunha mellor coordinación entre o Concello, a industria e o comercio.
- Impulsar e potenciar a praza de abastos.
- Fomentar accións que apoiem o comercio local.
- Coordinar co sector industrial e comercial os cursos de formación para mellorar a oferta de emprego.

MEDIO AMBIENTE

- Fomentar a plantación de especies autóctonas
- Coidar as zonas con ecosistemas especiais e fomentar o seu coñecemento por parte de toda poboación.
- Vixiar e controlar a actividade industrial co obxectivo de eliminar o seu impacto medioambiental e sobre a poboación.

DEPORTES

- Organización do calendario e dos eventos que organiza o Concello en colaboración cos clubs, tanto de fútbol, balonmán, 10k, etc.
- Negociar cos distintos clubs as necesidades e a aportación do Concello.
- Elaborar e propor as bases para os distintos convenios cos clubs deportivos do concello.
- Xestionar e velar polo mantemento das distintas instalacións deportivas municipais.

TURISMO

- Pór en marcha actividades que potencien o Camiño de Santiago ao seu paso polo Porriño, potenciando a estadía dos peregrinos no Porriño.

NOVAS TECNOLOXÍAS

- Coordinar a posta en marcha a licitación das servizos de telefonía, Internet, Tecnoloxía 4G e 5G. Control dos sistemas de datos do Concello.

- Organizar xornadas de formación en novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial ou 5G.
- Fomentar un uso responsábel das novas tecnoloxías.

EMPREGO

- Seguirá coa iniciativa posta en marcha na anterior lexislatura de “Porriño Accede”, polo que cunha perspectiva de emprego se firmaron convenios con empresas de diversos sectores, conseguindo que varios alumnos e alumnas tiveran acceso a prácticas e na maioría de casos a un contrato.
- Pór en marcha cursos para a formación de adultos, co obxectivo posto na empregabilidade, e para que poidan ter a formación necesaria para superar algún proceso selectivo iniciado polo Concello.

SERVIZOS SOCIAIS

- É seguro un dos departamentos mais sensibles. Coordinarase a todo o departamento para que a atención aos usuarios e usuarias sexa obxectivo e o mais xusto posible.
- Dirección sobre ás axudas de emerxencia social.
- Axuda á dependencia.
- Atención no Fogar.
- Banco de alimentos.

Competencias delegadas pola alcaldía nas concellarías que asumirá o BNG:

URBANISMO

- Xestión urbanística – Concesión de licenzas de obra maior, obra menor, disciplina urbanística, ordenanzas de ocupación de dominio público e informacións urbanísticas.

ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Redacción do PXOM, xestión de instrumentos de desenvolvemento do planeamento, inventario e denominación de rúas, estradas e camiños, promoción e xestión de vivenda.

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

- Venda, compra, cesión, permuta, convenios e inventario sobre bens inmobles municipais.

INFRAESTRUTURAS e MOBILIDADE

- Xestión sobre a realización e construción de obra nova (viais, abastecemento e saneamento), ampliación da rede viaria e sendeiros públicos.
- Peonalizacións e humanizacións de rúas e espazos públicos, accesibilidade e transporte público.

TRAÍDA DE AUGAS VECIÑAIS

- Xestión municipal sobre as traídas de augas veciñais.

XUVENTUDE

- Programas e proxectos para dinamizar a vida da mocidade.
- Casa da xuventude, espazo para fomentar actividades que promovan a creatividade e a expresión artística dos nosos mozos e mozas, no que se inclúa un centro Quérote e espazos de ocio.
- Campañas de educación afectivo-sexual dirixidas a aumentar o control sobre o corpo e a súa sexualidade.
- Accións informativas sobre os efectos do consumo de drogas e prevención de riscos.

CULTURA

- Biblioteca pública. Dinamizar as bibliotecas do centro e das parroquias, promovendo iniciativas de préstamos de libros, audiovisual (cinema,

documentais, videoxogos) entre as bibliotecas do concello, incentivando propostas de charlas divulgativas, proxeccións de cinema, e incluíndo materiais de lectura fácil.

- Creación dun Consello local da Cultura, órgano consultivo onde terán representatividade todas as partes implicadas en dinamizar e buscar oportunidades favorables para o sector.
- Convenios culturais. Promover os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a música popular, tradicional e contemporánea, e potenciar tamén os artistas locais consolidados.
- Escola de música.
- Creación dunha Escola municipal das artes, espazo de formación, integración e participación cultural, onde converxan distintas disciplinas artísticas (teatro, danza, audiovisual...)
- Publicacións etnográficas, colaboración na publicación de traballos bibliográficos que traten temáticas locais.
- Apoio ás iniciativas locais de ámbito privado que promovan e fomenten a cultura.
- Mellorar a colaboración municipal co Festival de Cans.
- Protección e mantemento da obra de Antonio Palacios.
- Promoción da Historia de Galiza a través da celebración de actos lúdicos e culturais e da recuperación das *Xornadas de Historia Local do Porriño*.
- Estudo e inventariado do patrimonio histórico, cultural e ambiental do Porriño.
- Recuperación do Arquivo Municipal da Imaxe, incorporándolle funcións de recompilación histórica, documental e de divulgación.
- Aplicación da Lei de memoria histórica: recoñecemento público aos porriñeses e porriñesas que pagaron coa represión e a morte a súa defensa dos valores democráticos. Eliminación da simboloxía franquista e do ruego alusivo ao golpe de estado e á ditadura franquista.

FESTAS

- Ampla programación con música, actividades deportivas, verbena, gastronomía.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Posta en marcha do Servizo de Normalización Lingüística que desenvolverá planos de actuación e promoción do galego.
- Cumprimento da lexislación lingüística: Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización Lingüística.
- Aposta por un modelo de inmersión lingüística en galego en toda a actividade do concello; superar o contexto diglósico e de fragilidade actuais, pensando en todas e todos, incluíndo as persoas con accesibilidade cognitiva diversa.
- Organizar accións motivadoras para ampliar o uso do galego nos espazos propios da mocidade.
- Elaboración dun rueiro correctamente galeguizado.

IGUALDADE

- Centro de información dos dereitos da muller (C.I.M).
- Garderías municipais.
- Plan integral contra da violencia machista.
- Programas de formación en igualdade.
- Introducir módulos de igualdade na programación das asociacións culturais e veciñais que reciben subvención municipal.
- Incluír cláusulas para a igualdade nas contratacións, subvencións e convenios.
- Visualización do colectivo de LGTBI en tódalas accións que reivindiquen a non discriminación por cuestións de xénero ou identidade sexual.
- Plan de formación en igualdade para o persoal técnico e político do Concello.

A alcaldía estará dotada dunha praza de libre designación como cargo de confianza e contará cunha persoa contratada para funcións de comunicación.


A comunicación sobre a xestión das distintas áreas do goberno estará distribuída en función da representación proporcional das dúas forzas políticas que conforman o goberno.

Para o seguimento e cumprimento deste acordo de goberno, o BNG e o PSdG-PSOE nomearán sendas equipas encargadas de supervisar o cumprimento dos acordos recollidos neste documento. Para tal finalidade establécense reunións ordinarias, entre ás dúas formacións, cada 6 meses desde a sinatura deste acordo de goberno. No caso de discrepancias en períodos inferiores aos seis meses, calquera das formacións políticas pode solicitar a reunión da Comisión de seguimento. Dita reunión extraordinaria non poderá demorarse máis de sete días desde a súa solicitude.

O Porriño, 15 de outubro de 2019

Asdo.

Pedro Pereira Fernández
Ana Belén Crespo Bastos
Camila Moreira Fontán



Asdo.

Eva García De La Torre
Lourdes Moure Varela

